

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN - 1º ESO

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións (ou, no seu caso, recuperacións).

Cálculo da nota final de xuño:

NOTA FINAL = 40% 1ªaval + 40% 2ªaval + 20% 3ªaval

2- TECNOLOXÍA

A avaliación terá un carácter básicamente formativo, de axuda na superación das dificultades. A avaliación sumativa, contemplará tanto o proceso como o produto da actividade do alumnado e os criterios serán coñecidos por éste ao comenzo do curso.

Considérase que a avaliación do alumnado debe sistematizarse en torno ós seguintes criterios de avaliación:

- Observación do profesor na aula (asistencia, puntualidade, realización de traballos extraescolares, participación, interese, aproveitamento do material...), que se recolle no caderno de avaliación do profesor.
- Caderno de clase (tarefas individuais, orden, limpeza, completo).
- Actividades informáticas: simulacións, presentacións...
- Proxectos (estética, orixinalidade, funcionalidade, unións, acabados).
- Exercicios e probas escritas (un mínimo dunha por trimestre).
-

Para traducir nunha nota o resultado do proceso de avaliación en cada trimestre, seguiranse as seguintes porcentaxes:

- A nota de contidos conceptuais, como media dos exercicios/probas escritas e que se corresponden cun 40% da nota.
- A nota de contidos procedimentais, analizada de tres formas:
 - ✓ Realización de proxectos na aula-taller, cun peso na nota do 20%.
 - ✓ Actividades de informática e/ou traballos propostos, cun valor do 30% da nota.
 - ✓

- ✓ Realización de actividades diarias na aula traducidas na súa elaboración no caderno do alumno/a ou mediante exposicións orais ou na pizarra cun valor do 10 %.

Salientar que, no caso de non levarse a cabo o proxecto e/ou actividades informáticas nalgunha das avaliacións, o peso porcentual do mesmo súmase á porcentaxe das notas dos contidos conceptuais.

A cualificación final do curso será a media aritmética obtida das tres avaliacións.

3- EDUCACIÓN DIXITAL - 3º ESO

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

A nota final de xuño será calculada cas seguintes ponderacións das tres avaliacións (ou, no seu caso, recuperacións).

Nota final = 35% da 1ª avaliación + 35% da 2ª avaliación + 30% da 3ª avaliación

4- TIC - 4º ESO

A avaliación na materia de TIC terá como obxectivo valorar a evolución do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe contando coa secuencia de contidos para o curso. Para este propósito os procedementos e instrumentos de avaliación contarán con diferentes indicadores:

- Ao longo de cada avaliación poderanse realizar diferentes probas de asimilación de contidos, ben de carácter teórico ou ben de carácter práctico, que contarán cun 30 % do valor da nota trimestral.
- Así mesmo realizaranse unha serie de actividades, xa sexan teóricas ou prácticas, na aula de informática ás cales lles corresponderá un 70 % da nota. Todas as actividades/probas terán o mesmo peso na nota.

Salientar, que no caso de non levarse a cabo probas de asimilación de contidos nalgunha das avaliacións, o peso porcentual das mesmas súmase á porcentaxe das notas das actividades realizadas.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Salientar que ao final do curso, e para aqueles alumnos que teñen suspensa algunha avaliación, poderase facer unha proba de recuperación ordinaria, para que poidan recuperar ditas avaliacións suspensas, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo ou traballos segundo o acordado co profesor.

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores levará a cabo o seguinte procedemento de recuperación:

- Resolución da primeira colección de exercicios: o alumnado recibirá ao longo do primeiro trimestre unha batería de actividades da materia a recuperar que poderá entregar dentro do prazo establecido (e que se lle comunicará oportunamente) para a súa corrección.
- Realización do primeiro exame (xaneiro/febreiro) para o alumnado pendente.
- Resolución da segunda colección de exercicios: feito o primeiro exame o alumnado recibirá unha nova batería de preguntas para entregar dentro dun prazo establecido.
- Realización do segundo exame (marzo/abril) para este alumnado.
- Resolución dunha terceira colección de exercicios: feito o segundo exame o alumnado recibirá unha nova batería de preguntas para a súa entrega dentro do prazo establecido para a súa corrección.
- Realización do terceiro exame (abril- maio). Neste terceiro exame, o alumnado avaliarase so da terceira parte sempre e cando aprobaran os dous exames anteriores ou ben da terceira parte xunto coas partes que non aprobaran nos exames anteriores.

O seguimento do alumnado que debe recuperar materias pendentes realizarase a través de titorías de apoio que terán lugar durante os recreos, a demanda do alumnado.

En cada avaliación a entrega das actividades propostas contará un 30%.

A nota final de xuño será a media das tres avaliacións ou, no seu caso, a do exame final.